

**ORIXE, APOXEO E OCASO  
DUNHA SUBCULTURA  
POLÍTICA TERRITORIAL.  
AS REXIÓNS VERMELLAS EN  
ITALIA**

**Mario Caciagli**

Universidade de Florencia



## UN SENTIDO DE CULTURA: AS SUBCULTURAS POLÍTICAS TERRITORIAIS

Paréceme oportuno explicar, ao introducir o tema, que sentido ten no meu discurso «cultura política» dentro do marco da miña disciplina, a ciencia política.

Os pais fundadores do paradigma «cultura política» foron, a finais dos anos cincuenta, algúns politólogos estadounidenses, especialmente Gabriel Almond e Sydney Verba, que propuxeron este novo enfoque para analizar, por suposto, os sistemas políticos e os seus diferentes niveis de desenvolvemento. Os pais fundadores eran conscientes de que a cultura política dun estado non é homoxénea; mais mantiñan que só o camiño que conduce cara á homoxeneidade podía garantir a estabilidade dos sistemas políticos e a eficiencia dos seus gobernos. A existencia de subculturas políticas diferenciadas en calquera comunidade estaba presente na súa obra, pero considerábanas particularidades, mesmo desviacións, respecto da cultura política dominante, e destinadas a seren absorbidas por esta última.

Pola contra, debemos ter en conta que dentro dun estado as culturas políticas son plurais e distintas e só teñen igual peso e dignidade. Está a cultura política dos mozos ou das mulleres, a dos negros ou dos inmigrantes, a dos católicos ou dos protestantes, dos galegos ou dos andaluces. As primeiras teñen que ver coa idade, co sexo, coa etnia, coa relixión. O último exemplo ten que ver co territorio. Existen, xa que logo, para utilizar un termo que propoñen os alemáns, as *Teilkulturen*, culturas parciais. Isto por unha banda. Por outra banda, a crítica das últimas décadas aos pais fundadores, con todo o respecto que merecen, referiuse ao sentido da cultura política como dimensión subxectiva. Eles entendían por cultura as actitudes, as orientacións e as crenzas dos individuos particulares fronte aos acontecementos e ás institucións do seu sistema político.

Na actualidade a ciencia política atopou un novo consenso teórico e metodolóxico para resolver os problemas deste paradigma.

A cultura política é, seguramente, manifestación de opinións e actitudes de individuos, pero reviste maior complexidade e amplitude. A cultura política é algo que se realiza nunha rede de relacións sociais, dentro de grupos cuxos membros interactúan e, ao mesmo tempo, comparten condición, *ethos* e lingua. A cultura política non é soamente opinión superficial, senón que se substancia en ideas e valores, en símbolos e normas, en mitos e ritos propios dunha comunidade, forxando unha mentalidade e creando hábitos. Exprésase en comportamentos concretos e reiterados, inflúe sobre o xeito de vivir a política e de efectuar as prácticas consecuentes.

Realízase en redes de estruturas materiais. Estruturas dentro das cales unha cultura nace, é elaborada, difúndese e transmítese. Pode tratarse de institucións de socialización, como a familia, a escola, a prensa ou outros medios de comunicación (a televisión). Ou de formas organizadas prepolíticas. Ou, abofé, pode tratarse de partidos, sindicatos, igrexas.

A mesma estrutura socioeconómica inflúe sobre a formación dunha cultura ou pode ser influída por esta, que interactúa con formas de poder formais e informais.

Factores xenéticos dunha cultura política son experiencias colectivas que marcaron, en circunstancias particulares (momentos de mudanza, de ruptura), unha comunidade. Estas experiencias seguen a producir os seus efectos sobre os membros das sucesivas xeracións, que talvez tampouco perciben conscientemente esta influencia. Cando hai memoria –e hai memoria–, tal memoria é selectiva.

A cultura política haina que situar nun contexto histórico de longa duración. Como ten que ser situada nun territorio, que non é soamente un espazo físico, senón o produto da obra das poboacións que alí viviron e viven.

Esta complexa mestura esixe, enténdese, métodos e técnicas senlleiros.

Como instrumento importante de análise atópase a enquisa de opinión. Mais estas enquisas observan o aspecto exterior, superficial (no primeiro sentido da palabra: a superficie, repito), exploran movementos de opinión a curto prazo. Observan a opinión pública, non reconstrúen unha cultura.

Serven datos puros e duros, datos estatísticos, datos electorais, datos económicos. Serven entrevistas feitas polo miúdo, serve a observación participante. Hai que utilizar historias de vidas, biografías, memorias e crónicas, películas de cinema, obras literarias. Xaora, precisa é a documentación histórica.

O resultado das investigacións desta natureza son as *narracións*.

Neste relatorio vou, exactamente, expresar unha narración. A miña narración resulta dunha experiencia de investigación que ten un cuarto de século. Durante vinte e cinco anos, a partir de 1984, puxen baixo observación –utilizando o material histórico-empírico e as técnicas (particularmente entrevistas minuciosas) que mencionei pouco antes– unha zona das máis vermellas dunha rexión vermella, a Toscana. Confrontándoa decontino con outras similares doutras partes da Toscana e das rexións limítrofes, vermellas elas mesmas.

Antes de chegar á narración en si, considero oportuno inserila no marco das máis importantes culturas políticas rexionais europeas.

## **CULTURAS POLÍTICAS TERRITORIAIS EN EUROPA E EN ITALIA: AS VERMELLAS E AS BRANCAS (OU NEGRAS)**

Non existen, daquela, culturas políticas homoxéneas nos estados europeos. Ao longo dos séculos, en Europa, duradeiros asentamentos humanos, vicisitudes político-institucionais e multiplicidade de linguas e de costumes dividiron e subdividiron os territorios. Acontecementos históricos e experiencias colectivas, confesións relixiosas e conxuntos de valores, autoridades políticas e principios, estruturas económicas e diferentes sistemas de convivencia social, clases sociais e vida cotiá comunitaria sucaron as terras de Europa e contribuíron á constitución de culturas políticas parciais á escala de territorios rexionais inseridos en estados unitarios.

Entre as culturas políticas rexionais houbo algunhas que se identificaron cunha ideoloxía precisa: a socialista e comunista por unha banda, a católica por outra banda. Estas dúas culturas políticas desempeñaron un papel central nalgúns sistemas europeos. Aínda difundíndose por todo o territorio dos estados nacionais, sendo a clase para uns e a relixión para outros os puntos de referencia universais, as dúas culturas botaron raíces de forma máis vasta e profunda nalgúns dos territorios subestatais.

O fenómeno foi evidente en Francia, Alemaña, Austria e Italia. En Italia, onde máis que noutras partes caracterizaron o sistema político do século XX e

onde máis foron estudadas, son denominadas «subcultura vermella» e «subcultura branca», mentres que en Alemaña e en Austria, respectivamente, «vermella» e «negra». En Francia a única que tivo importancia foi a «vermella».

En Alemaña, ata a chegada ao poder do nazismo en 1933, rexións vermellas foron Turinxia e Saxonia, chamadas respectivamente «baluarte vermello» e «reino vermello». Berlín foi, así mesmo, a sede dunha subcultura vermella. Durante medio século, os altos niveis de afiliación ao Partido Socialdemócrata primeiro e, despois, ao Partido Comunista tamén, as porcentaxes de votos, as organizacións colaterais, as casas do pobo, as cooperativas de consumo, xornais e libros, bibliotecas e círculos deportivos, teatros e asociacións culturais, municipios, usos e costumes proletarios nas cidades e nos suburbios industriais fixeron destas rexións a expresión máis sólida da cultura de esquerda en Alemaña.

Entre as dúas guerras mundiais, o Partido Socialista de Austria foi o máis forte do socialismo europeo. Pretendía ser un partido obreiro. Case todas as súas organizacións paralelas tiñan «obreiro» como atributo: grupos de filatélicos ou de librepensadores, corais ou círculos de xadrez, xardíns de infancia ou escolas de partido, excursionistas ou clubs de lectura. Todo isto se concentraba en Viena, onde os socialistas desenvolveron unha especie de estado do benestar, con aloxamentos populares, clínicas, ximnasios, incluído o Karl-Marx-Hof, unha cidade xardín para obreiros.

Logo da Segunda Guerra Mundial, Viena volveu ser vermella, mais só desde o punto de vista electoral. Todo aquilo que forxara a cultura política non foi recuperado.

O Partido Comunista Francés (PCF) converteuse en partido de masas a raíz da vitoria nas eleccións municipais de 1935 e a da Fronte Popular en 1936. Arredor dos municipios conquistados, o PCF construíu esa rede de institucións coñecidas polos franceses como *couronne*, que constituíu propiamente tal subcultura política. Isto deuse en varias zonas de Francia, pero de xeito máis duradeiro na *banlieue* parisiense, nas aglomeracións periféricas onde xa se vivira unha secular tradición de esquerda, se empezara a industrialización, xurdiran as grandes fábricas (como a Citroën e a Renault) e crecera de maneira abundante e compacta a clase obreira. Durante os anos trinta e corenta os arredores de París foron «terreo comunista», sendo a identificación espacial, coas fábricas e co terri-

torio, un elemento central da cultura política predominante. Como esa era en esencia unha cultura obreira, afundiuse pola brutal desindustrialización dos anos setenta e oitenta.

En Austria, igual ca en Alemaña, as orixes da cultura rexional «negra», como din eles, pode remontarse mesmo á Reforma e á Contrarreforma, época na cal a Alemaña meridional se converte en dominio do catolicismo. Cando chegou a loita política moderna, foron as organizacións católicas as estruturas prepolíticas que servirían de trampolín ás políticas.

O baluarte austríaco foi o Tirol, contra o Estado central e en defensa do catolicismo tradicional e do pequeno campesiñado. As prazas fortes dos católicos alemáns foron tipicamente Renania e, sobre todo, Baviera. Os partidos católicos sempre obtiveron altísimas porcentaxes de voto, apoiado polo tecido das parroquias e das asociacións confesionais.

Chego por fin a Italia. O reino de Italia naceu en 1861 cun sistema político de elites aristócratas e burguesas, cun sufraxio restrinxido e limitado, coa exclusión das masas das canles políticas.

A contraposición ao Estado liberal, burgués e centralista foi o primeiro trazo das subculturas políticas nese Estado liberal. Tratouse dunha característica común a ambas, á subcultura branca e á vermella.

O segundo trazo común foi a súa implantación en determinadas rexións da península. A vermella instalouse nas rexións da Emilia-Romaña e da Toscana, e máis tarde en Umbría. A branca fíxoo no Véneto e nalgunhas provincias do norte, entre elas a provincia toscana de Lucca.

Ambas as subculturas, que caracterizaron o sistema político italiano da Primeira República, fornecen unha das claves interpretativas do funcionamento do sistema mesmo.

## ORIXE E DESENVOLVEMENTO DA CULTURA REXIONAL VERMELLA EN ITALIA

A Toscana fora ata a unificación de Italia (1861) un gran ducado independente, onde as reformas dos ilustrados reduciran, especialmente nas cidades –grandes ou pequenas–, o poder e a influencia da Igrexa. Tanto a Emilia-Romaña como

a Umbría formaran parte do Estado da Igrexa e, por iso, como reacción, contaban cunha tradición de anticlericalismo.

Nestas rexións o Partido Socialista, fundado en 1892, foi o herdeiro de movementos laicistas, anarquistas ou republicanos que tiñan, entre outras, unha *inspiración antiestatista e anticentralista*.

No val do Po, onde os xornaleiros e os obreiros agrícolas formaban a meirande parte da base do partido, o compoñente clasista era máis forte. Nas pequenas cidades da Emilia e da Toscana os fundadores do partido, coligados cos obreiros da primeira industrialización, eran artesáns, pequenos empresarios e mestres de escola. Por iso resultaba máis feble o compoñente clasista e máis forte a preocupación por salvagardar este tipo de interese.

Os socialistas gañaron deputados en Roma e alcaldes nas súas rexións. Os dirixentes, pola súa tradición democrática e radical, foron fieis aos principios e aos programas de federalismo e autonomía locais.

Durante a primeira década do século XX, marcada por un proceso de democratización do sistema oligárquico italiano, o Partido Socialista levou a cabo o «socialismo municipal». O localismo, entendido como esixencia libertaria, expresaba tamén a vontade de defender as comunidades, ameazadas polo Estado e polo mercado capitalista, e de facerse cargo de intereses diferentes, pero considerados converxentes, de artesáns e pequenos empresarios.

Nestas actitudes pódese ver unha das condicións previas do modelo de desenvolvemento económico, coa achega da política local medio século despois.

O municipalismo socialista significaba escolas primarias, seguridade sanitaria, obras públicas. A carón do municipio e do partido formábanse cooperativas e ligas sindicais, cámaras do traballo e casas do pobo, organizacións de asistencia a doentes e anciáns. Os socialistas montaban festas e celebracións (o 1 de Maio, cuxa celebración foi prohibida ata o novo século), desfiles e folgas. Tiñan cantos e bandas, bandeiras vermellas e símbolos. Anunciaban unha nova relixión mentres condenaban a vella. Lograron introducir en amplas camadas sociais costumes, crenzas e valores dunha escatoloxía, o socialismo como «futura humanidade». Coas estruturas, cos ritos e cos mitos fundaron unha cultura política.

Estimulando prácticas de socialización política, lanzaron *modalidades do comportamento político moderno como a participación cidadá e a electoral*, trazos dunha cultura que se mantiveron ata hoxe.



Ata a Primeira Guerra Mundial os socialistas non lograron penetrar, especialmente na Toscana e na Umbría, no campesiñado, composto na súa maioría por parceiros, que non eran para os socialistas verdadeiros proletarios.

Os parceiros entraron, porén, na política durante a Primeira Guerra Mundial. A contenda, cos homes novos na fronte e os vellos e as mulleres na miseria, foi un formidable factor de mobilización política. Durante o conflito, os labregos deron en organizar desfiles e protestas e entraron nas rúas das cidades. Logo da guerra houbo grandes folgas e concretoouse a politización daqueles que integraban a meirande parte da forza de traballo nas tres rexións. Unha politización á esquerda, xaora. Coas eleccións municipais do ano 1920, case todos os municipios da Emilia-Romaña, a Toscana e a Umbría caeron nas mans dos socialistas.

Inmediatamente despois chegou a represión fascista. O movemento fascista foi sobre todo un fenómeno de propietarios agrarios contra a mobilización dos parceiros. Municipios e ligas socialistas foron disolvidos con violencia antes de Mussolini chegar ao poder en outubro de 1922; así, unha das primeiras disposicións lexislativas do Goberno Mussolini, en novembro, foi a eliminación dos acordos logrados polos sindicatos labregos que suprimiran antigas obrigas e lles abriaran a porta a relacións laborais modernas.

Durante o réxime seguiron outras leis que empeoraron as condicións económicas, sociais e humanas dos labregos da Emilia, da Toscana e da Umbría. Os parceiros foron, pois, a única clase social que nunca aceptou o fascismo. Por iso, o antifascismo tamén ocupará un lugar central no sistema de valores da cultura vermella durante a Primeira República.

Nos anos trinta o Partido Comunista montou unha rede clandestina, feble mais tenaz, de propaganda no agro, aproveitándose así do resentimento antifascista dos parceiros. Esta experiencia colectiva, conservada na memoria dos vellos, influíu ata hai pouco tempo na conciencia de dúas ou tres xeracións e forma parte dunha mentalidade, dunha cultura política.

## DESPOIS DA DITADURA FASCISTA: A REFUNDACIÓN

A Resistencia, a loita armada canda os aliados contra os fascistas e os nazis, foi outra grande experiencia colectiva, aínda máis incisiva e decisiva. Menos no centro de Italia, pero si no val do Po de xeito contundente, os labregos contribuíron de diversas formas á Resistencia: os novos, combatendo, e os anciáns e as mulleres, tanto procurándolles víveres e asistencia aos partisanos como axudando os militares italianos desertores e estranxeiros fuxitivos. Os labregos entenderon aquela contenda como o momento de amañar contas co fascismo e como loita de clases para conquistaren a terra e para a súa emancipación (de aí a intensa participación das mulleres).

O Partido Comunista, forza política hexemónica da Resistencia nestas rexións, apoiou as reivindicacións dos parceiros e coroou a súa instalación no campo. A mobilización destes durante a última fase da guerra e as loitas sindicais da posguerra constituíron o motor da expansión do Partido Comunista tamén nas zonas onde existía unha tradición de catolicismo social (nordés da Toscana) ou de republicanismo (Romaña).

Pódese dicir que a mobilización dos parceiros, que tiña, pois, a súa orixe no movemento socialista do prefascismo, *refundou* a cultura territorial vermella. *Esta clase social fixo así a súa irrupción definitiva na escena política* e pasou a constituír a base de masas do Partido Comunista.

Este foi o *primeiro elemento* da refundación. Fai falla volver lembrar que estas rexións foron, ata o final dos anos cincuenta, rexións agrícolas, e os parceiros representaban a meirande parte da poboación.

O Partido Comunista foi o herdeiro da cantidade máis relevante do electorado do vello Partido Socialista e logrou estendela a todos os labregos e, moi importante, as labregas, as cales –como todas as mulleres italianas– obtiveron por vez primeira o dereito de voto en 1946, nas primeiras eleccións municipais libres e nas eleccións para a Asemblea constituínte. Nas que transcorreron desde 1946 ata 1953 formouse o denominado «cinto vermello da parcería», é dicir, unha serie de provincias contiguas do sur da Toscana ao río Po. Nestas provincias, e ata a súa desaparición, o Partido Comunista Italiano (PCI) acadou as porcentaxes máis altas de votos. Sen a achega dos parceiros non se explica a forza electoral do PCI no sistema político italiano.

Canda os obreiros das grandes cidades do norte, os parceiros constituíron tamén a meirande parte dos afiliados ao partido.

O *segundo elemento* que xustifica a categoría da refundación da cultura vermella logo do fascismo foi a mudanza acontecida nas relacións de forza existentes entre os partidos de esquerda: nas rexións vermellas o Comunista sucedeu ao Socialista. O número de afiliados das rexións vermellas ficou sempre alto e a súa porcentaxe sobre o total nacional aumentou decontino ata chegar a ser mesmo desproporcionada; a este respecto, o partido recrutou, a partir dos anos sesenta, a metade dos seus afiliados na Emilia-Romaña, na Toscana e na Umbría.

Partido máis sólido que o Socialista, o Comunista púxose no centro de todas as ligazóns e todas as dinámicas da cultura política rexional. Arredor del artellouse a rede de asociacións, de sindicatos, de municipios. «O partido» foi o eixe de toda a vida social, non soamente da política. Os ritos das celebracións (datas como o 1 de Maio, mais tamén o 25 de Abril, aniversario da liberación do nazi-fascismo) e das festas populares (era central todos os anos a Festa dell'Unità –*L'Unità* era o xornal do partido– en todas as vilas), os símbolos (bandeiras, panos, fouce e martelo), os comportamentos individuais marcados por un alto nivel de politización e, por riba de todo, a participación electoral. Todo isto animaba a vida cotiá nas rexións vermellas.

O *terceiro elemento* de novidade da posguerra foi o mito da Unión Soviética, o estado modelo da sociedade do futuro, no que reinaban a harmonía e a felicidade; no que se desenvolvía a industrialización e florecía a agricultura; no que había abundancia de bens para todos.

A fe no partido e a pulsión escatolóxica cara á Unión Soviética alimentaron o espírito de loita de obreiros e labregos durante a primeira década da República, cando as condicións de vida das clases populares eran moi duras. As rexións vermellas entendéronse daquela como unha fortaleza cercada que resistía a opresión do capital e dos gobernos centrais, defendendo a súa propia autonomía e esperando a palinxenesia revolucionaria que tiña que chegar do Leste.

Estas crenzas reforzaron tamén o desexo de mudanza que os parceiros cultivaban. Logo das loitas para a repartición dos produtos do agro, que rematou pola metade dos anos cincuenta, os parceiros abandonaron o campo para entraren na corrente da industrialización.

As mesmas crenzas seguiron a inspirar a orientación cara ao «novo», unha orientación que, con mitos ou sen mitos, era o valor dinámico das sociedades e dos poderes locais. Nos anos sesenta o «novo» chegará, sendo no entanto de orde moi diferente do imaxinado e agardado.

## **SUBCULTURA POLÍTICA E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO: AS GLORIOSAS DÉCADAS DOS SESENTA E DOS SETENTA**

Se as décadas dos corenta e dos cincuenta foron os anos heroicos da subcultura vermella, esta acadou nos sesenta e nos setenta o seu apoxeo, tanto polo seu nivel de radicación como pola súa solidez. Durante as dúas décadas madureceu o modelo económico das pequenas e medianas empresas industriais, que veu a substituír case integralmente a antiga sociedade agrícola.

O poderoso desenvolvemento económico e a contundente mudanza social que aquel modelo achegou aseguraron crecemento, benestar e estabilidade social. O Partido Comunista, cos seus gobernos locais, os municipios e as rexións e a súa rede de asociacións de todo tipo, logrou controlar estas mudanzas ou polo menos acompañalas. Os seus afiliados e electores, os parceiros en primeiro lugar, foron os protagonistas da «gran transformación» da agricultura á industria.

Os parceiros e os seus fillos tornáronse en obreiros especializados e pequenos empresarios. A defensa das «clases medias produtivas», como sinalaba o programa comunista nestas rexións, e a defensa do sistema económico local estaban na tradición do municipalismo socialista de cincuenta anos atrás. A cultura política dominante, na cal a ética do traballo se mantivo central, contribuíu á formación e á consolidación do modelo. Cultura cívica e capacidade de gobernar, solidariedade e sentido da comunidade con apertura ás novidades foron os ingredientes que axudaron a este desenvolvemento harmonioso.

Desde un punto de vista político, nos anos setenta a subcultura vermella logrou integrar as diversas vagas dos movementos sociais (estudantes, novos obreiros, feministas), ampliando o apoio electoral ao Partido Comunista, que alcanzou o seu cumio pola metade da década.

A integración entre sociedade política e sociedade civil semellaba completa. Por tras destes sucesos adiantábase, porén, o comezo da crise.

## UNHA LENTA AGONÍA

O proceso da crise foi longo desde os anos oitenta ata hoxe, ocultado talvez pola continuidade do comportamento electoral dos cidadáns destas rexións. Mais a orientación electoral, aínda sendo un forte indicador dunha cultura política, constitúe un elemento necesario pero non suficiente; representando o sentido de cultura, abofé, unha síndrome complexa.

A sociedade transformouse. A esta nova transformación contribuíron e contribúen o proceso de modernización, o avance da secularización, a difusión dos medios de comunicación de masas, a mobilidade cotiá e outros factores. As clases sociais mesturáronse, os costumes das novas xeracións son moi diferentes dos das vellas. Paradoxalmente, o benestar producido pola industrialización e polo enorme crecemento económico, controlado e favorecido pola sociedade política, volveuse en contra dela.

No intercambio político as relacións ideolóxicas ían perdendo paseniño a súa importancia fronte ás relacións pragmáticas. A adhesión fundada na tradición, na identidade e na cultura ía perdendo posicións fronte á adhesión relacionada coas demandas concretas e as motivacións racionais.

Durante os anos oitenta as consecuencias dun novo *boom* económico e dunha rápida mudanza social deixáronse sentir con forza nas rexións vermellas. A debilidade estratéxica do Partido Comunista e a súa dificultade para acompañar a evolución da sociedade, cousa que lograra facer no pasado, abriran xa unha crise no partido. En 1987 chegaron nas rexións vermellas as primeiras baixas electorais no Partido Comunista, que, durante corenta anos, coñecera soamente aumentos. Foi o comezo do declive.

A rede de estruturas non era como antes, os vínculos solidarios íanse disolvendo, as antigas institucións de socialización ían deixando de funcionar.

Os opulentos anos oitenta, co crecemento do benestar e a mudanza acontecida nas relacións entre os individuos e as xeracións, produciran a decadencia

dos antigos valores comunitarios, favorecendo o individualismo e o consumismo. As casas do pobo, as asociacións de lecer, as festas de *L'Unità* ían perdendo moitas das súas funcións de comunicación política e de transmisión dunha cultura específica. O sindicato e os gobernos locais eran acusados de non seren quen de abordar os novos desafíos nin de solucionar os problemas máis graves. O partido era criticado desde dentro por aqueles que pouco despois asistirían á súa disolución.

Sobre esta realidade xa fráxil e desorientada caeu o muro de Berlín. Esta caída e o afundimento dos sistemas do Leste conduciron ao cambio de nome do partido, que abandonou o adxectivo «comunista» logo de setenta anos. O «pobo comunista» ficou sen norte, como se puxo de manifesto na participación nos debates dos congresos e nas derrotas electorais. Veu despois a escisión da minoría que creou o Partido da Refundación Comunista.

Veiu, sobre todo, naquel 1991 o derrubamento da Unión Soviética. O xuízo entusiasta a esta e a fidelidade á «patria do socialismo» foran sempre utilizados polos investigadores como indicadores da pertenza á subcultura vermella. A revolución rusa era un dos mitos fundadores do partido e un valor persistente da cultura vermella da posguerra, como vimos. De súpeto, a Unión Soviética desapareceu e isto comportou esperanzas e ilusións; para algúns, mesmo a confianza na humanidade e no progreso.

O «terrible 1991» veu a coroar unha crise endémica e sinalou a fin dunha epopea secular. A morte do PCI e da URSS foi unha experiencia destrutiva para a cultura política das rexións vermellas. Os acontecementos daquel ano precipitaron a situación de declive que principiara algúns anos antes.

A crise da subcultura vermella, como a da branca, que se afundiú definitivamente naqueles anos, foi causa e consecuencia ao mesmo tempo da crise do sistema político italiano, a fin da Primeira República. Este sistema, baseado tamén nas súas dúas poderosas subculturas, reproducía o conflito Leste-Oeste, reflectindo esperanza no comunismo ou medo del. A supervivencia de ambas as subculturas foi a confirmación deste escenario.

Da subcultura vermella pódese dicir o que Enrico Berlinguer afirmaba do PCI, que era «revolucionaria e conservadora» simultaneamente, o cal garantiu durante moito tempo a estabilidade do sistema. A través da perda das súas regras de com-

portamento e das súas antigas certezas, e perdéndose finalmente a ela mesma, a subcultura vermella contribuíu ao derrubamento da Primeira República.

A caída do muro de Berlín mudou o sistema de partidos que existía desde a posguerra.

## QUE QUEDA?

Que pasou nestes vinte anos? Que queda dunha antiga subcultura? O ocaso da subcultura vermella foi lento, mais irresistible.

Os herdeiros do PCI renegaron rotundamente do seu partido e mudaron dúas veces de nome: antes chamárono Partido Demócrata de Esquerda, despois Demócratas de Esquerda. Finalmente, unindo as súas forzas cunha parte dos herdeiros da Democracia Cristiá, fundaron no 2007 o Partido Demócrata.

Ademais, as reformas electorais que afectaron o sistema italiano desde 1993 ata o 2006, nas que se introduciron elementos de gran relevancia, obrigaron grupos e partidos de diferente orixe e con diferentes historias a formar coalicións. Os herdeiros do PCI foron nas rexións vermellas o eixe de todas as coalicións electorais de centreesquerda, quer a escala local, quer a escala estatal. Estas coalicións gañaron case todas as competicións electorais, o cal confirma unha orientación político-electoral que ten orixes remotas.

As coalicións, no entanto, non teñen, inevitablemente, moita coherencia ideolóxica.

Os cambios de nome e as diferenciadas candidaturas a alcalde ou a deputado desilusionaron unha parte do potencial electorado. O constante aumento da abstención segue a sinalar un fondo malestar, no que segue a ser a masiva participación electoral un dos compoñentes da cultura política rexional. Ademais diso, outra parte do voto diríxese a pequenas listas locais ou a partidos menores, incluído, abofé, Refundación Comunista, que recolle os residuos nostáxicos ou ortodoxos, mais tamén nas recentes eleccións a Liga Norte. De certo, a experiencia electoral de quince anos indícanos que a centrodereita ten escasa probabilidade de ofrecer unha alternativa á centreesquerda nas que eran as rexións vermellas, con algunhas raras excepcións.

A opción de voto conta, no entanto, con moitas motivacións: o xuízo positivo aos gobernos municipais e rexionais, a valoración das candidaturas, a inexistencia dunha competencia válida. Mais estas son motivacións instrumentais, mentres que a tradición desempeña un papel menor.

Os vellos son fieis, os novos moito menos. As investigacións dinnos que a xeración que chegou a votar nos anos noventa sentía aínda respecto pola tradición da familia, pola postura dos avós. Mais os avós morren e a xeración do novo século non ten, nin quere, puntos de referencia. A familia deveu nunha feble institución de socialización política.

Resumo, para concluír:

O partido desapareceu en 1991. O Partido Demócrata, a última creación, ten aínda que ser construído e, de todos os xeitos, non ten o vermello como cor. O sindicato máis forte é o dos xubilados (os avós de antes). As estruturas da subcultura existen no papel. As casas do pobo tornáronse definitivamente en lugares de exclusivo divertimento, talvez foron vendidas a individuos privados, pasaron, como se di, «do comunismo ao consumismo». As cooperativas son empresas que están no mercado, as cales obedecen a unha lóxica capitalista. O contido das festas de *L'Unità* ten moi pouco de político.

A principal clase social de referencia, os parceiros, desapareceu. Con ela desapareceron valores, relacións sociais e formas de loita política.

O antifascismo é unha lembranza remota. Os novos non se ocupan da política. Daquela, que queda?

Queda unha forma de identidade comunitaria e territorial. Quedan ademais formas de solidariedade, incluída a que se explica fronte aos novos inmigrantes, malia a integración de tantas e tan diferentes etnias, que é moito máis complicada hoxe en día do que foi integrar nos anos sesenta e setenta os inmigrantes que viñan do sur de Italia.

E, finalmente, existe unha forte amálgama, aínda que negativa: o total rexeitamento de Berlusconi. Iso vale tanto para os vellos como para os novos, para os antigos comunistas e para os que se interesan pouco pola política. O fenómeno Berlusconi é completamente estraño á cultura política destas rexións, especialmente na Toscana. Isto pode explicar por que a agonía da subcultura vermella,



a diferenza da da branca, foi lenta, así como a transición da Primeira á Segunda República italiana segue a ser longa.

Mais, se esta actitude –palabra central en calquera concepción da cultura política– é a súa última herdanza, enténdese ben que, cando Berlusconi saia da escena política italiana, a subcultura vermella estará verdadeiramente morta.

